

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 24 DE ABRIL DE 2024

ASUNTO:	APERTURA DOS ARQUIVOS ELECTRÓNICOS "A " E "B",
LICITACIÓN:	"CONCURSO PÚBLICO PARA O ARRENDAMENTO DO LOCAL SITO NA PRAIA DE PORTOCELO DE MARÍN (PONTEVEDRA)". EXP.: 2024/SE068-003

En Marín, na Casa Consistorial, sendo as 10:40 horas do día 24 de abril de 2024, reúnese a Mesa de contratación do procedemento de licitación arriba indicado, formada polos seguintes membros:

Presidenta:

D^a. María Ramallo Vázquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Marín.

Vocais:

D. Alberto Pensado Seijas, Secretario accidental do Concello, funcionario de carreira, técnico de administración xeral.

D^a. Sonia David Cortegoso, funcionaria pertencente ao corpo de funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, subescala de intervención.

D. José Antonio Graña Santaclara, funcionario pertencente ó corpo de funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, subescala de intervención.

Secretaria:

D^a. M^a Jesús Iglesias Barreiro, funcionaria de carreira pertencente á Escala de Administración Xeral, subescala técnica.

Pola Presidencia da Mesa de Contratación tense esta por constituída.

A secretaria deste órgano dá lectura aos licitadores que se presentaron a este procedemento de contratación:

- ⑩ Carmen Villanueva Santiago – DNI ***1306**
- ⑩ Emilio Simón López Álvarez – DNI ***6235**
- ⑩ Fernando Fernández Pidal – DNI ***1613**
- ⑩ Jaime Dopazo Piñeiro – DNI ***1081**
- ⑩ Laura Otero Fuentes – DNI ***9511**
- ⑩ María Asunción González Méndez – DNI ***9807**
- ⑩ Thaynara Pereira Ramos – NIE ***8740**
- ⑩ Rita Doris Silva García – DNI ***7085**

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800134E4100J4A8P9H1S0A2 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2024SE068-003
	MARIA JESUS IGLESIAS BARREIRO-Técnico Administración Xeral - 25/04/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 25/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/04/2024 12:59:20	Fecha: 19/01/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



⑩ Susiacuña, S.L.U. - NIF B36449338

Seguidamente, cada un dos membros da Mesa de Contratación formula manifestación expresa de que non concorre nos mesmos ningún conflito de interese que poida comprometer a súa imparcialidade e independencia durante o procedemento.

A continuación, procédese á apertura mediante dispositivo electrónico (Plataforma de Contratación do Sector Público) dos sobres/arquivos electrónicos «A» e ao exame do seu contido.

Tras a apertura dos sobres a Mesa procede a revisar a documentación administrativa, acordando admitir a licitadora que se presentou a este procedemento de contratación.

A continuación, en acto público, procédese á apertura dos sobres/arquivos electrónicos «B» e ao exame do seu contido:

DNI/NIF	Nome	Oferta económica
***1306**	Carmen Villanueva Santiago	811,11 €
***6235**	Emilio Simón López Álvarez	850,00 €
***1613**	Fernando Fernández Pidal	1.250,00 €
***1081**	Jaime Dopazo Piñeiro	560,00 €
***9511**	Laura Otero Fuentes	710,00 €
***9807**	María Asunción González Méndez	830,00 €
***8740**	Thaynara Pereira Ramos	543,00 €
***7085**	Rita Doris Silva García	400,00 €
B36449338	Susiacuña, S.L.U.	600,00 €

Tras dito acto público e na mesma sesión, a Mesa procede a avaliar as ofertas segundo a táboa seguinte:

DNI/NIF	Nome	Oferta económica
***1613**	Fernando Fernández Pidal	1.250,00 €
***6235**	Emilio Simón López Álvarez	850,00 €
***9807**	María Asunción González Méndez	830,00 €
***1306**	Carmen Villanueva Santiago	811,11 €
***9511**	Laura Otero Fuentes	710,00 €
B36449338	Susiacuña, S.L.U.	600,00 €
***1081**	Jaime Dopazo Piñeiro	560,00 €
***8740**	Thaynara Pereira Ramos	543,00 €

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800134E4100J4A8P9H1S0A2 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2024SE068-003
	MARIA JESUS IGLESIAS BARREIRO-Técnico Administración Xeral - 25/04/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 25/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/04/2024 12:59:20	Fecha: 19/01/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

***7085**	Rita Doris Silva García	400,00 €
-----------	-------------------------	----------

A continuación a mesa procede a:

Primeiro.- Avaliar e clasificar as proposicións dos licitadores, na orde seguinte:

DNI/NIF	Nome	Oferta económica
***1613**	Fernando Fernández Pidal	1.250,00 €
***6235**	Emilio Simón López Álvarez	850,00 €
***9807**	María Asunción González Méndez	830,00 €
***1306**	Carmen Villanueva Santiago	811,11 €
***9511**	Laura Otero Fuentes	710,00 €
B36449338	Susiacuña, S.L.U.	600,00 €
***1081**	Jaime Dopazo Piñeiro	560,00 €
***8740**	Thaynara Pereira Ramos	543,00 €
***7085**	Rita Doris Silva García	400,00 €

Segundo.- Propoñer a adxudicación do concurso público para o alugueiro do local sito na praia de Portocelo de Marín (Pontevedra) a Fernando Fernández Pidal, con DNI ***1613**, por importe de 1.250 €, sen IVE, por resultar a súa oferta a máis vantaxosa economicamente para os intereses municipais, atendendo á mellor oferta económica.

Terceiro.- Requerir a licitadora proposta como adxudicataria para que, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, presente a seguinte documentación:

a) Xustificante do ingreso da primeira renda

Ha de abonar a contía correspondente ao importe ofertado, correspondente á primeira renda.

b) Garantía definitiva

Xustificación da constitución na Tesourería municipal dunha garantía por importe do 3 % do valor estimado (339,84 €).

A garantía constituirase en calquera das formas admitidas no art. 108 da LCSP, debendo ser presentada en orixinal ante esta entidade para que proceda a emitir a correspondente carta de pago.

A Administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades que se encontren en situación de mora fronte á Administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800134E4100J4A8P9H1S0A2 en https://sede.concello demarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2024SE068-003
	MARIA JESUS IGLESIAS BARREIRO-Técnico Administración Xeral - 25/04/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 25/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/04/2024 12:59:20	Fecha: 19/01/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. A estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro fose rexeitado pola Administración.

As garantías responderán do adecuado cumprimento das obrigas correspondentes aos arrendatarios, segundo estes pregos e o Regulamento do mercado, así como das sancións que puideran imporse segundo este último. Isto sen prexuízo da esixencia das cantidades que, resultantes do anterior, non puideran ser satisfeitas con cargo a tal garantía, que poderán ser obtidas pola vía administrativa de constrinximento.

A diminución das garantías por estes motivos motivará o seu restablecemento, no prazo dun mes, ata acadar o seu importe inicial.

c) Xustificación das altas fiscais e tributarias e do cumprimento destas obrigas.

Deberá aportarse a alta no IAE da persoa proposta como arrendataria no epígrafe 647.1, correspondente ao obxecto do alugueiro. Así mesmo, aportarase alta da persoa ou persoas encargadas da súa explotación na Seguridade Social.

d) Certificacións administrativas expedidas polos órganos competentes nas que se acredite que a persoa proposta como arrendataria se encontra ó corrente das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado e o Concello de Marín, na forma e cos efectos previstos nos artigos 13, 14, 15 e 16 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas ou ben autorizar a consulta dos mesmo polo Concello. Concretamente:

- Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria que acredite que se atopa ao corrente do pagamento das súas obrigas tributarias.

e) Póliza de seguros para responder dos danos ocasionados ao local, por importe de 60.000 €.

O/a arrendatario/a deberá concertar póliza de seguro de responsabilidade civil, penal e administrativa que cubra o risco consistente nas responsabilidades que puideran derivarse do alugueiro, cunha cobertura mínima por sinistro de 60.000 €.

Deberá achegarse orixinal ou copia auténtica da correspondente póliza.

Esta póliza deberá manterse en vigor durante toda a vida do contrato, podendo substituírse por outras que manteñan as mesmas coberturas previa autorización municipal.

De non achegarse adecuadamente a documentación precisada no prazo sinalado, entenderase que a licitadora retira a súa oferta, procedéndose nese caso a instar a

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800134E4100J4A8P9H1S0A2 en https://sede.concello demarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2024SE068-003
	MARIA JESUS IGLESIAS BARREIRO-Técnico Administración Xeral - 25/04/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 25/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/04/2024 12:59:20	Fecha: 19/01/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL





Avda. De Ourense, s/n - 36900 Marín
986 88 03 00 | concellodemarin.es

Acta da Mesa de Contratación

Expte.: 2024/SE068-003

Concurso público para o arrendamento do local sito na praia de Portocelo de Marín (Pontevedra)

mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, sendo as 11:30 horas do día da data, levántase a sesión e esténdese a presente acta, que asina a Presidenta, coa Secretaria, que certifica.

A Presidenta da Mesa

A Secretaria da Mesa

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)

CSV: 07E800134E4100J4A8P9H1S0A2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E800134E4100J4A8P9H1S0A2 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2024SE068-003
	MARIA JESUS IGLESIAS BARREIRO-Técnico Administración Xeral - 25/04/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 25/04/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/04/2024 12:59:20	Fecha: 19/01/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

